



Edicto

Por el presente se publica la interposición del recurso contencioso-administrativo, procedimiento ordinario n.º 51/2018, interpuesto por Lourdes González Baldonado frente al acuerdo plenario de fecha 25.01.2018, sobre recuperación de oficio de camino público, a los efectos del artículo 49 de la LJCA, para conocimiento general de todas las personas interesadas en el procedimiento y para emplazarlas a fin de que puedan presentarse ante ese Juzgado en el plazo de nueve días contados desde la publicación del correspondiente anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia.

Punxín, 10 de mayo de 2018. El alcalde.

Fdo: Manuel Vázquez Fernández.

R. 1.537

San Cibrao das Viñas

Bases para a selección de persoal laboral temporal mediante concurso-oposición (procedemento de urxencia) para cubrir tres prazas de socorristas para as piscinas municipais.

Primeira. Obxecto da convocatoria

O obxecto destas bases é regular a contratación laboral temporal para cubrir tres prazas de socorristas para as piscinas municipais de Soutopenedo e Charcas Da Mora.

As funcións a desenvolver serán as seguintes:

- Protexer aos bañistas das piscinas municipais e socorrelas en caso de accidente.
- Impartición cursos de natación.
- Vixiar o cumprimento de normas e uso das instalacións.
- Atención aos bañistas.
- Auxiliar en caso de accidente.
- Rexistrar anotacións do PH e cloración da auga no libro de rexistro sanitario.

Segunda. Modalidade e duración do contrato

A contratación realizarase a través da modalidade de contrato de obra ou servizo, regulada no artigo 15.1 a) do Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei del Estatuto dos traballadores, a xornada completa, de luns a domingo (festivos incluídos) cos descansos establecidos legal ou convencionalmente. A duración da obra ou servizo será de 3 meses, aplicando en cada caso a temporalidade derivada das consignacións orzamentarias que resulten de aplicación.

O contrato someterase ao procedemento de urxencia na súa tramitación para os efectos de posibilitar a contratación do socorrista o 15 de xuño de 2018.

En caso de que mediante convenio ou subvención as prazas resulten cofinanciadas por outra administración pública, someteranse aos condicionantes que lle sexan de aplicación derivados das axudas.

Terceira. Requisitos dos aspirantes

Para participar nas probas selectivas os aspirantes deberán reunir os requisitos que a continuación se indican, referidos todos e cada un deles á data de remate do prazo de presentación de solicitudes e deberán manterse durante todo o proceso selectivo:

a) Ser español ou nacional dalgún dos estados membros da Unión Europea ou nacional dalgún estado en que en virtude dos tratados internacionais realizados pola Unión Europea e ratificados por España sexa de aplicación a libre circulación de traballadores. Tamén poderá participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, o cónxuxe dos españois e dos nacionais doutros estados membros da Unión Europea, e o dos nacionais dalgún estado en virtude dos tratados internacionais celebrados pola

Unión Europea e ratificados por España cando sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, sempre que non estean separados de dereito. Así mesmo, coas mesmas condicións poderán participar os seus descendentes e os do seu cónxuxe sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de vinte e un anos ou maiores da dita idade dependentes.

b) Estar en posesión carné de conducir B.

c) Estar en posesión, ou en condicións de obtelo na data en que remate o prazo de presentación de instancias, do certificado do ESO ou equivalente, que deberá acreditar mediante documento oficial expedido polo organismo competente.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberase estar en posesión na mesma data do remate do prazo para presentar as instancias da credencial que acredite a súa homologación, expedida polo organismo competente.

d) Estar en posesión do título oficial de Socorrista Acuático ou titulación equivalente que a englobe, que se deberá acreditar mediante documentación oficial e inscrición no Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia de conformidade co disposto no Decreto 35/2017 do 30 de marzo polo que se modifica o Decreto 104/2012 do 16 de marzo, polo que se fixa a formación mínima dos socorristas acuáticos e se crea e regula o Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia.

No caso de comunitarios ou estranxeiros a titulación haberá de estar convalidada polo órgano competente.

e) Ter cumpridos os 18 anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

f) Posuír capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas, é dicir non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das correspondentes funcións.

g) Non estar separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo ao Estado, ás comunidades autónomas ou ás entidades locais, nin estar inhabilitado para o exercicio das funcións públicas. No caso de ser nacional doutro Estado, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin estar sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

h) Non estar afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas.

i) Fotocopia cotexada do curso Celga 3, perfeccionamento de lingua galega ou a súa validación, se é o caso.

j) Non ter antecedentes por delitos de natureza sexuais. Aos efectos de dar cumprimento ao establecido na Lei 26/2015, do 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e a adolescencia, e a Lei 45/2015 de voluntariado para traballar con menores, o candidato presentará unha autorización para que o Concello de San Cibrao solicite e recolla en nome do candidato do Rexistro Central de Delincuentes Sexuais, a información relativa á carencia de antecedentes por delitos de natureza sexual (anexo III).

Cuarta. Sistema de selección

O procedemento de selección consistirá nunha fase de concurso-oposición que se levará a cabo mediante a validación dos méritos presentados e obxecto de puntuación, que virá determinada pola suma das puntuacións dos méritos valorados para cada aspirante, así como a fase de entrevista e proba práctica.

A) Experiencia profesional: puntuación máxima: 3,5 puntos.

1. Por servizos prestados en concellos, administración públicas e organismos e entidades dependentes delas na mesma categoría ou similar á do posto ao que se opta: 0,20 por cada mes completo ou fracción.



2. Por servizos prestados en empresas privadas na mesma categoría ou similar á do posto ao que se opta: 0,10 por cada mes completo ou fracción.

A experiencia profesional acreditarase mediante a presentación de certificado de vida laboral actualizada expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social no que conste expresamente os períodos de alta e baixa no sistema da Seguridade Social e os grupos de cotización e copia dos contratos de traballo ou certificados das empresas. A experiencia que non se considere debidamente acreditada non se puntuará.

B) formación. Valorarase a formación nas materias propias do posto: máximo: 2,5 puntos.

1. Por titulación superior á esixida para o desempeño do posto de traballo, en materias relacionadas co mesmo: máximo: 1 punto.

Por licenciatura universitaria ou equivalente: 0,5 puntos

Por diplomatura universitaria ou equivalente: 0,5 puntos

2. Cursos de máis de 250 horas: 0,50 puntos/curso

3. Cursos de entre 20 e 50 horas: 0,20 puntos/curso

4. Cursos de menos de 20 horas: 0,10 puntos/curso

A formación acreditarase con certificado ou diploma de asistencia ao curso con indicación do número de horas lectivas (organizados, ben por unha administración pública, unha universidade ou impartidos por empresas privadas homologados por unha administración pública).

C) Proba práctica: Puntuación máxima: 2 puntos.

Realizarase unha proba práctica sobre as funcións a desenvolver. Esta proba realizarase por persoal cualificado baixo a supervisión do tribunal de selección.

D) Entrevista

Realizarase unha entrevista de carácter profesional sobre os méritos adecuados ás características do posto. Valorándose o coñecemento do territorio e as características propias da contorna e da poboación que o tribunal cualificador considere.

Á entrevista daráselle ata un máximo de 2 puntos.

Nos supostos nos que se obtivese igual puntuación por algún ou algúns dos candidatos, os desempates dirimiranse atendendo á maior puntuación obtida por experiencia profesional.

No caso de persistir o empate, este dirimirase mediante sorteo.

E) Coñecemento da lingua galega

O artigo 35 da Lei 2/2009, do 23 de xullo, de modificación do texto refundido da Lei da función pública de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, establece: "...nas probas selectivas que se realicen para o acceso ás prazas da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e das Entidades Locais de Galicia incluírase un exame de galego agás para aqueles que acrediten o coñecemento da lingua galega conforme a normativa vixente..."

En cumprimento do sinalado os aspirantes deberán realizar unha proba que consistirá na tradución directa dun texto elixido polo tribunal do castelán ao galego sen axuda de dicionario nun tempo máximo de 30 minutos. Estarán exentos da realización da proba de galego os aspirantes que acrediten, antes de que remate o prazo de presentación de solicitudes, posuír o Celga 3 ou estudos equivalentes.

Este exercicio ten carácter obrigatorio e eliminatorio.

As persoas que non consigan praza pasarán a formar parte dunha bolsa de traballo, de tal maneira que, cando o concello necesite algún/ha traballador/a destas características para o mesmo servizo e posto obxecto desta convocatoria, para cubrir o posto que quede vacante, entón acudirán a dita bolsa, seleccionando ao/á primeiro/a deles/as e soamente poderá seleccionarse ao/á seguinte a este/a, sempre e cando aquel/a rexeitase o posto ou non cumpra nese intre cos requisitos do punto terceiro destas

bases; o que suporá pasar ao final da lista salvo que se dean as circunstancias de estar xa traballando ou enfermo/a, o que deberá xustificarse mediante a documentación necesaria.

Quinta. Documentación a presentar

As solicitudes formalizaranse no modelo de instancia (anexo I) que se achega a estas bases e deberán presentarse ben no Rexistro Xeral do Concello de San Cibrao das Viñas ou ben en calquera das formas establecidas no artigo 16.4 da Lei 39/2015 de procedemento administrativo común das administracións públicas; as solicitudes que se presenten a través da Oficina de Correos deberán entregarse nun sobre aberto para ser selada e datada polo funcionario de correos antes de ser certificada. Neste caso os aspirantes deberá comunicalo mediante fax durante o mesmo prazo que o de presentación de instancias. Actuarase de igual xeito, no caso de ser presentada a solicitude noutra administración pública, no prazo de 5 días hábiles, comezando a computarse dito prazo a partir do día seguinte ao anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

O horario de presentación de documentación no Rexistro do concello será de luns a venres, de 9.00 a 14.00 horas.

Xunto coa instancia deberá achegarse a seguinte documentación:

a) Copia compulsada do documento que acredite a súa nacionalidade.

b) Fotocopia cotexada do curso Celga 3, iniciación de lingua galega ou a súa validación, se é o caso.

c) Fotocopia cotexada do certificado en ESO ou titulación equivalente.

d) Fotocopia cotexada da inscrición e/ou solicitude de inscrición no Rexistro Profesional de socorristas acuáticos de Galicia.

e) Declaración de non estar afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, de non padecer enfermidade ou defecto físico/psíquico, que lle impida o desempeño das funcións ou tarefas correspondentes a praza á que se opta e de non estar separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo ao Estado, ás comunidades autónomas ou ás entidades locais, nin estar inhabilitado para o exercicio das funcións públicas; no caso de ser nacional doutro Estado, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin estar sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público (anexo II).

f) Relación de méritos que alega e documentación xustificativa de cada un deles en orixinal ou copia compulsada, cos requisitos establecidos na base das que rexen o procedemento selectivo.

g) Fotocopia do carné de conducir.

h) Autorización para que o Concello de San Cibrao das Viñas solicite, en nome do candidato do Rexistro Central de Delinquentes Sexuais, a información relativa á carencia de antecedentes por delitos de natureza sexual (anexo III).

i) Certificado médico de que reúne as condicións físicas necesarias para superar a proba física de esforzo e o recoñecemento médico que deberán realizar previamente á contratación, para garantir as súas condicións de saúde para o traballo a realizar.

Non se tomarán en consideración nin serán valorados aqueles méritos que non queden acreditados en todos os seus extremos no momento de presentación de instancias.

Asemade, non se terán en conta aqueles méritos alegados e aportados con posterioridade ao remate do prazo de presentación de instancias.

Sexta. Tribunal cualificador

O tribunal de selección será colexiado e contará como mínimo de presidente/a, tres vocais e secretario/a, que serán designa-



dos por Resolución da Alcaldía de acordo co disposto no artigo 60 da Lei 7/2007 do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público. Terá como función a valoración dos méritos alegados polos/as aspirantes presentados/as e a realización da entrevista.

No suposto de que forme parte do tribunal algunha persoa allea ao concello, terá dereito a percibir a indemnización por asistencia correspondente ao grupo segundo conforme ao disposto no RD 462/2002 do 24 de maio.

Segundo o recollido no precitado artigo 60 da Lei 7/2007 do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público, na designación dos membros do tribunal tenderase a buscar a paridade entre mulleres e homes, e en todo caso, actuarase seguindo os principios de imparcialidade e profesionalidade dos membros, téndose así mesmo en conta que, o persoal de elección, de designación política, os funcionarios interinos e o persoal eventual non poderán formar parte dos órganos de selección.

O tribunal poderá dispor a incorporación, aos seus traballos, de asesores especialistas, os cales se limitarán ao exercicio das súas especialidades técnicas, que serán a única base da súa colaboración co órgano de decisión e que actuarán por tanto con voz pero sen voto.

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándoo ao alcalde, cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de réxime xurídico do sector público, ou se realízen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas de acceso nos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria. O/a presidente/a do tribunal poderá requirir aos membros do mesmo, declaración expresa de non atoparse incurso en causa de abstención nas circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015. Así mesmo, os/as aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorran as circunstancias previstas neste parágrafo.

O tribunal non poderá actuar ou constituírse sen a presenza polo menos de tres dos seus membros con dereito a voto, sendo imprescindible en todo caso a asistencia do/a presidente/ e do/a secretario/a, esta última persoa sen voto.

O tribunal actuará con suxeición ás bases de convocatoria, quedando facultado para resolver cantas cuestións se susciten na súa interpretación.

Contra os acordos do tribunal poderá interpoñerse recurso administrativo ante o órgano competente conforme ao previsto na Lei 39/2015 de procedemento administrativo común das administracións públicas.

Sétima. Procedemento de selección

Logo de finalizar o prazo de presentación de instancias, por resolución de Alcaldía aprobarase a lista de admitidos/as e excluídos/as, que se fixará no taboleiro de anuncios e se publicará na web www.sancibrao.sedelectronica.es concedéndose un prazo de dous días hábiles para reclamacións ou corrección de erros (non para alegar novos méritos non alegados ata entón).

O tribunal resolverá as reclamacións que se presenten, elevará -no seu caso- a definitiva a lista de admitidos/as e excluídos/as. Coa publicación da lista definitiva de admitidos e excluídos procederase a fixación da data de celebración dos exercicios contemplados na fase de oposición. O tribunal valorará os méritos alegados polos/as candidatos/as presentados/as e realizada a proba práctica e a entrevista, publicará no taboleiro de anuncios e na web www.sancibrao.sedelectronica.es, as puntuacións obtidas polos/as aspirantes. Para valorar os méritos será necesario que se presenten documentos xustificativos dos mesmos; en ningún caso se terán en conta os méritos que non estean debidamente xustificadas.

Todas as notificacións que se realicen respecto ao presente procedemento de selección, levaranse a cabo, a través de publicacións no taboleiro de anuncios e na web www.sancibrao.sedelectronica.es.

Para o caso de empate na puntuación final, resolverase por sorteo.

As fases do procedemento selectivo que puideran coincidir con probas de selección para outras prazas municipais realízanse o mesmo día e cos mesmos requisitos, poderán realizarse conxuntamente.

Oitava. Incidencias

O tribunal está facultado para resolver as dúbidas e incidencias que presenten, así como para adoptar os acordos necesarios para o bo desenvolvemento do proceso selectivo, en todo aquilo non previsto expresamente nestas bases.

As comunicacións sobre incidencias relativas ás actuacións dos tribunais poderán dirixirse á Alcaldía.

Contra a resolución da Alcaldía, de aprobación das bases, que poñen fin á vía administrativa, os interesados poderán interpoñer, con carácter potestativo, un recurso de reposición ante o mesmo órgano, no prazo dun mes ou directamente un recurso Contencioso- Administrativo ante os Xulgados do Contencioso- Administrativo no prazo de dous meses, computados ditos prazos a partir do día seguinte ao da súa publicación no taboleiro de anuncios do concello e no BOP.

Os acordos do tribunal de selección, se concorren os supostos establecidos no artigo 112.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, poderán ser impugnados mediante a interposición de recurso de alzada ante o mesmo órgano ou ante o órgano superior xerárquico, no prazo dun mes contado a partir do día da súa publicación.

Novena. Nomeamento e formalización do contrato e réxime do mesmo:

Unha vez presentada a documentación polos interesados, e sendo a mesma conforme, o alcalde procederá ao nomeamento do aspirante seleccionado, e procederá á formalización do contrato laboral correspondente.

Establécese un período de proba, conforme ao artigo 14 do Estatuto dos traballadores. transcorrido este período, se a persoa de que se trate o superase satisfactoriamente, adquirirá plena eficacia o contrato suscrito.

Mentres non se formalice o contrato e non se incorpore ao posto de traballo, o aspirante non terá dereito á percepción económica de ningunha clase. A formalización e continuación do contrato (dentro do período de duración establecido) queda condicionada ao mantemento do Servizo de Socorrista do Concello de San Cibrao das Viñas.

Quen sen causa xustificada non concorre a formalizar o contrato na data sinalada, perderá tódolos dereitos derivados da superación das probas selectivas.

Por necesidades do servizo de socorrista, o concello poderá incrementar ou reducir ao número de horas á semana do posto de traballo ofertado, así como poñer fin ao contrato antes da data tope de remate do mesmo.

Novena. Recursos

Estas bases poderán ser impugnadas ante a Xunta de Goberno Local do Concello de San Cibrao das Viñas, mediante recurso potestativo de reposición, nos termos contemplados no artigo 123 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

O alcalde. Asdo.: M. Pedro Fernández Moreiras.

Documento asinado electrónicamente.

(Ver anexos páx. 18-20)



ANEXO I MODELO DE INSTANCIA

SOLICITUDE PARA PARTICIPAR NO PROCESO SELECTIVO DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL
MEDIANTE CONCURSO-OPOSICIÓN PARA A PRAZA:

SOCORRISTA PISCINAS MUNICIPAIS

DATOS DO/DA SOLICITANTE

NOME

APELIDOS

DNI/NIE

DATA DE NACEMENTO

ENDEREZO

POBLACIÓN

PROVINCIA

TELÉFONO

E-MAIL

DECLARO:

1. Que vistas as bases específicas de selección que rexen esta convocatoria, considero que reúno todos e cada un dos requisitos esixidos e, polo tanto, solicito ser incluído no proceso selectivo.
2. Relación de méritos que aporto:
 - ☐ Copia cotexada do título de galego
 - ☐ Copia compulsada do DNI ou documento que proceda no suposto de estranxeiros.
 - ☐ Copia cotexada do carné de conducir.
 - ☐ Declaración responsable
 - ☐ Documentación acreditativa dos méritos alegados (vida laboral, contratos, certificados de empresa, cursos...)
 - ☐ Xustificante pagamento taxa.

San Cibrao das Viñas, de
Sinatura,

de 2018

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE SAN CIBRAO DAS VIÑAS



ANEXO II DECLARACIÓN XURADA

CONVOCATORIA DE PROCESO SELECTIVO DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL MEDIANTE CONCURSO-OPOSICIÓN PARA A PRAZA: SOCORRISTA PISCINAS MUNICIPAIS.

D./D.^a _____,

con DNI n.º _____, con domicilio para os efectos de notificación en

DECLARA

baixo xuramento ou promete, para os efectos de ser admitido no proceso selectivo arriba indicado:

- non estar afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas,
- non padecer enfermidade ou defecto físico/psíquico, que lle impida o desempeño das funcións ou tarefas correspondentes a praza á que se opta e
- non estar separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo ao Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin estar inhabilitado para o exercicio das funcións públicas;
- e no caso de ser nacional doutro Estado, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin estar sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

En San Cibrao das Viñas, o _____ de _____ de 2018.
O/a solicitante,

Asdo.: _____.

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE SAN CIBRAO DAS VIÑAS